


Fórmate nos Telecentros Rurais



Infórmate no:



A partir do 17 de outubro nos telecentros rurais de Bocamaos, Camoira, San Xoán do Alto, Ribas de Miño e Santa Comba



A partir do 17 de outubro iniciarase un novo **programa de formación na zona rural** que contén actividades de difusión e formación sobre as novas tecnoloxías, enmarcado dentro do Proxecto europeo PARNET-tic, no que participa o Concello de Lugo, e que terá lugar nos telecentros rurais das parroquias de Bocamaos, Camoira, San Xoán do Alto, Ribas de Miño e Santa Comba.

O programa formativo ten por obxectivo iniciar os usuarios no uso da Internet e das Novas Tecnoloxías aplicadas ao uso cotián. É un programa dirixido a toda a cidadanía, con actividades para os nenos, os pais, os maiores, as PEMEs e os agricultores.

Tamén se impartirá formación sobre o funcionamento de catro aplicacións informáticas postas en marcha con este proxecto: Sistema de Localización e Información Xeoreferenciada, Plataforma de SMS, Plataforma de Información Xeoreferenciada do Punto Limpo e Sistema de Consultas.

Para máis información ou **para inscribirse neste programa formativo hai que chamar ao teléfono 010** do Concello de Lugo ou ao 982 297 350 para chamadas desde fóra do municipio.

PROGRAMACIÓN DOS CURSOS NOS TELECENTROS RURAIS:

Telecentro Rural de Bocamaos

Datas: 17, 18 e 19 de outubro

Horario: de 19:00 a 21:00 horas

Telecentro Rural de Camoira

Datas: 20, 21 e 24 de outubro

Horario: de 19:00 a 21:00 horas

Telecentro Rural de San Xoán do Alto

Datas: 25, 26 e 27 de outubro

Horarios:

Nenos de 3 a 12 anos: de 17:00 a 19:00 horas

Adultos de 12 anos en diante: de 19:00 a 21:00 horas

Telecentro Rural de Ribas de Miño

Datas: 2, 3 e 4 de novembro

Horario: de 19:00 a 21:00 horas

Telecentro Rural de Santa Comba

Datas: 7, 8 e 9 de novembro

Horario: de 19:00 a 21:00 horas